



## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**Asunto: CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS PARA O 15.06.2026**

Don Manuel Vázquez Faraldo, alcalde do Concello de Miño, dita a seguinte resolución:

De conformidade co establecido no artigo 112 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o artigo 130 e seguintes do Regulamento orgánico do Concello de Miño, e ao abeiro do previsto no artigo 46.3 LRBRL,

### RESOLVO:

**PRIMEIRO E ÚNICO.-** Convocar a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Concello de Miño que terá lugar o día 15 de xuño de 2026 ás 14:15 horas no salón de plenos da casa do concello; e fixar a seguinte orde do día:

1. Aprobar o proxecto de "Instalación de cuberta de pista polideportiva, no lugar do Apeadeiro de Perbes s/n (15.608, San Xoán de Vilanova) Miño".
2. Aceptar expresamente as condicións impostas polo Servizo do Litoral en relación coa autorización de concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre con destino á construción dunha pasarela para a conexión entre ambas marxes do río Baxoi, Miño.

A documentación está posta á disposición dos membros da Comisión Informativa de Asuntos Xerais a través do Portal de cargos electos da sede electrónica do Concello de Miño.

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. O secretario municipal

David Veiga Sierra